

# Visitas ao O Mosteiro de CARBOEIRO



## GUÍA DO PROFESORADO. EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA

### 1. O MOSTEIRO DE SAN LORENZO DE CARBOEIRO

O mosteiro de Carboeiro é unha potente ferramenta para a Didáctica da Historia por varios motivos:

O bo estado de conservación e a recente rehabilitación do edificio.

Os numerosos estudos e investigacións existentes sobre o monumento.

A posibilidade de estarmos en contacto directo co patrimonio.

### 2. OBXECTIVOS

Ofrecer unha actividade didáctica complementaria e de calidade fóra da aula.

Coñecer máis profundamente a historia medieval e a cultura monástica de Galicia a través de Carboeiro.

Identificar e estudar a arquitectura medieval.

Coñecer novos espazos da xeografía galega.

Coñecer e respectar o noso patrimonio natural e cultural.

### 3. CONTIDOS

#### 3.1. Conceptos

Situación xeográfica de Carboeiro.

Contextualización histórica: a Idade Media.

A estrutura da sociedade feudal.

A historia do mosteiro de Carboeiro.

A vida cotiá no mosteiro.

A arquitectura medieval.

As influencias compostelás en Carboeiro.

Cultura popular: lendas e tradicións do mosteiro.



### **3.2. Procedementos**

Observación, dedución e identificación.

Análise histórica, artística e social.

Localización en mapas e planos.

Manipulación de reproducións e outros materiais.

Formulación de preguntas e hipóteses.

Lectura, comprensión e interpretación de textos relacionados co monumento.

Caracterización de personaxes históricos.

Realización dun traballo de investigación a través do caderno didáctico.

Realización de obradoiros e actividades creativas.

### **3.3. Actitudes**

Interese polo traballo persoal e en grupo.

Respecto polos compañeiros/as, o/a guía e o seu esforzo.

Valoración das normas de comportamento.

Respecto polo material empregado e o contorno.

Apreciación do patrimonio cultural e natural.

Promoción da capacidade crítica.

## **4. METODOLOXÍA**

A metodoloxía empregada seguirá os pasos do método de investigación do medio.

Mediante unha metodoloxía activa, preténdese que o alumnado sexa o verdadeiro protagonista da experiencia. Trátase de mantelo activo participando en actividades diversas (busca de información, manipulación de materiais...).

## **5. ACTIVIDADES E OBRADOIROS**

### **5.1. Visita guiada polo mosteiro e o seu contorno**

Mediante o percorrido guiado os rapaces e as rapazas descubrirán a historia de Carboeiro, os principais elementos escultóricos e arquitectónicos do edificio, a vida cotiá dos monxes na Idade Media, o papel do monacato na nosa historia...

Ademais visitaremos algúns elementos próximos ao mosteiro como a ponte e o pombeiro. Así coñeceremos os sistemas de aproveitamento dos recursos do territorio que practicaban os monxes.



## 5.2. Obradoiro de arquitectura medieval

Os/as alumnos/as manipularán diferentes elementos arquitectónicos da igrexa (ábsida, naves laterais, torres...) ata conseguir montar correctamente a maqueta do edificio. Coñeceremos as diferentes partes do edificio e aprenderemos a localizalas no espazo.

Coa montaxe dun arco de medio punto e outro apuntado, pescudaremos na forma de construír edificios medievais e mais nas diferenzas entre a arquitectura románica e a gótica.

## 5.3. Traballo de investigación co caderno didáctico

Organizados en pequenos grupos, os/as nenos/as resolverán o caderno didáctico. Para iso empregarán numerosos procedementos como a observación, a dedución e a localización en planos. Esta actividade realizarase polas diferentes estancias do mosteiro.

## 6. TEMPORIZACIÓN

A actividade ten unha duración aproximada de 3 horas.

## 7. AVALIACIÓN

### 7.1. Criterios de avaliación

Nivel de participación e aproveitamento do traballo individual e en grupo.

Grao de interiorización dos contidos.

Grao de consecución dos obxectivos.

Valoración da actitude dos alumnos.

Grao de satisfacción do alumnado e do profesorado.

### 7.2. Mecanismos de avaliación

**Revisión do caderno.** O/a docente disporá dun caderno didáctico resolto para poder corrixir e valorar o traballo do alumnado a posteriori.

**Cuestionario para o alumnado.** Entregaráselle a cada rapaz e rapaza un breve cuestionario para que valore a actividade.

**Cuestionario para o profesorado.** Entregaráselles aos/ás docentes un cuestionario para recolleren as súas opinións e suxestións.



## 8. PROPOSTAS PARA O TRABALLO PREVIO NA AULA

O obxectivo destas actividades é despertar a curiosidade e crear expectativas entre o alumnado en relación á saída. Ademais servirá para que adquiran coñecementos previos sobre os contidos da visita.

### 8.1. Imaxínate que vives nun mosteiro na Idade Media...

Como habitantes do mosteiro os/as alumnos/as irán achegando os seus coñecementos sobre o tema respondendo a preguntas como estas:

- Que é un mosteiro?
- Que partes ten?
- Quen vivides no mosteiro? Que ocupacións tedes?
- Que comedes? Como vestides?
- Que lingua falades? Sabedes escribir?
- Que outra xente vive en Galicia?
- Que é a Idade Media? Cando credes que foi?
- Coñeces algún mosteiro ou outro edificio medieval (igrexas, catedral, ponte, castelo...)?

### 8.2. Investiguemos...

Esta actividade consiste en realizar unha busca de información dirixida sobre os mosteiros na biblioteca do centro ou na internet. Os resultados poranse en común trala busca.

Pódense buscar termos como mosteiro, monxe, igrexa, abade, Idade Media...

### 8.3. Ver a película “O nome da rosa”

No caso dos/das estudantes de Educación Secundaria pódese ver a película *O nome da rosa*, ou incluso fragmentos desta seleccionados polo profesorado.

Máis alá da súa trama, a película é un bo xeito de introducir o alumnado na vida e nos hábitos dunha comunidade monástica medieval. Non debemos esquecer que os monxes de Carboeiro eran bieitos, a diferenza dos da película, que eran cistercienses.

## 9. PROPOSTAS PARA O TRABALLO POSTERIOR NA AULA

Un dos obxectivos do caderno didáctico é que sirva de instrumento para continuar afondando na historia medieval despois de realizar a visita.



## 10. OBSERVACIÓNS

Durante a actividade haberá un tempo de descanso no cal os/as rapaces/rapazas poderán almorzar, se é o caso.

Non será preciso que os/as estudantes leven material, xa que este vai a cargo da organización.

Recomendamos levar calzado apropiado e roupa cómoda.

Carboeiro é un espazo idóneo para xantar e pasar un tempo de lecer en contacto coa natureza. Ademais existe a ruta de sendeirismo "ruta do Deza" (ruta de pequeno percorrido, uns 6 km.) dun alto valor natural que vai do mosteiro ata a fervenza do Toxa.

## 11. APROXIMACIÓN AOS CONTIDOS DA ACTIVIDADE

### 11.1. Historia de Carboeiro

A maior parte de mosteiros galegos teñen a súa orixe na Idade Media. Os condes do Deza fundaron Carboeiro no século X nun terreo da súa propiedade. Desde o principio recibe a protección dos reis.

Durante a plena Idade Media (s. XI-XIII) Carboeiro vive o período de maior esplendor. Nesa época os mosteiros tiveron moito poder económico e político. Carboeiro tivo vasalos e propiedades en diversos lugares de Galicia como no Ribeiro e no Salnés.

O poder acadado polo mosteiro neste momento plásmase na arquitectura e na arte. Durante o s. XII ergueuse a igrexa que podemos ver actualmente.

A partir do s. XIV Carboeiro entra en crise e, pouco a pouco, vai perdendo os seus privilexios e propiedades. Finalmente no 1499 perde a súa autonomía transformándose en priorado dependente do mosteiro compostelán de San Martiño Pinario.

Coa Desamortización de Mendizábal de 1836, a comunidade de monxes abandona o cenobio e a casa monacal pasa a mans privadas. Isto leva a Carboeiro a unha grave situación de abandono e ruína.

Non é ata 1990 que o Concello de Silleda e a Xunta empezan as obras de rehabilitación que dan a Carboeiro a súa actual aparencia.

### 11.2. A vida no mosteiro

Os monxes de Carboeiro seguían a Regra de San Bieito. A súa actividade principal era rezar, visitaban a igrexa ata sete veces ao día. O tempo que lles quedaba dedicábano a outras ocupacións como a administración de propiedades e o traballo no escritorio. O abade encargábase de dirixir ao resto de monxes.



### 11.3. O edificio

Un mosteiro é un conxunto de edificios onde vive unha comunidade de monxes ou monxas. Así, á parte da igrexa en Carboeiro, había outras dependencias como o dormitorio, a adega, o refectorio... Todas organizadas ao redor do claustro.

En Carboeiro conservamos a igrexa coa súa fasquía medieval, mais o claustro e o resto das dependencias sufriron numerosas modificacións ao longo dos séculos.

A igrexa de Carboeiro está considerada un dos mellores edificios medievais de Galicia. Na súa construción, iniciada en 1171, empregáronse elementos característicos do románico e solucións do novo estilo gótico como as bóvedas de cruzaría.

Na escultura e na arquitectura de Carboeiro atopamos numerosas influencias da catedral de Santiago. Estas chegaban ao mosteiro a través do Camiño. A representación dos Anciáns músicos da Apocalipse na portada principal da igrexa, como no Pórtico da Gloria da catedral, é a mostra principal desta influencia. Os monxes tamén construíron outros edificios para aproveitar os recursos do contorno, como o muíño de auga, o pombeiro e a ponte.